



Concello de Cerdido
As Felgasas, s/n, A Barqueira
15569 Cerdido (A Coruña)
981 41 10 00
www.cerdido.org correo@cerdido.es



ACTA Nº 2021/9 SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN-XOVES 30 DE DECEMBRO DE 2021 -

No día de hoxe, ás 19:00 horas, baixo a presidencia do Alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria Pleno da Corporación.

PRESIDE: Benigno Galego Castro

ASISTEN: Cándido Eusebio Preto Lago, Rocío Martínez Martínez, Marina Tojeiro Martínez, Cristian Carrodegas Graña, María Amalia Díaz Rodríguez, Alberto Javier Rey Paz e Patricia Santalla Pérez

AUSENCIAS: Cristian Carrodegas Graña. David Prada Aneiros.

SECRETARIO - INTERVENTOR: Manuel Larrosa Rodríguez

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o Alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede das actas dos Plenos 30.10.2021, 13.11.2021 e 19.11.2021

As actas de 30.10.2021, 13.11.2021 e 19.11.201 son aprobadas por unanimidade dos Srs. Presentes.

2.- Dar conta dos Decretos da Alcaldía.

Pola presidencia dáse conta da relación de Decretos adoptados dende a anterior sesión ordinaria que son os seguintes:

Decreto	Data	Asunto
205/2021	26-10-2021	Acordo de non dividir en lotes as obras de Camiño de Penso a Cubos e outros do POS+ Adicional 2/2021 por maior achega da Deputación
206/2021	26-10-2021	Alta no padrón municipal de habitantes en Pontellas, 12, Cerdido
207/2021	26-10-2021	Servizo para dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde da obra Melloras na ETAP de Cerdido
208/2021	26-10-2021	Aprobación de facturas e nóminas de outubro de 2021
209/2021	27-10-2021	Pleno ordinario outubro 2021
210/2021	27-10-2021	Bolsa para a selección persoal laboral temporal de auxiliar de axuda no fogar.

		Publicación das bases no BOP 27/03/2018
211/2021	29-10-2021	Aprobación da conta xustificativa da subvencións do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2021 para a adquisición dunha biotrituradora para tractor
212/2021	29-10-2021	Contrato menor de servizos para a redacción dos proxectos de obra e demais documentación técnica para solicitar POS+ ADICIONAL 2/2021 2º FASE
213/2021	29-10-2021	Alta no padrón municipal de habitantes Vila da Igrexa, 1, Cerdido
214/2021	03-11-2021	Autorización para usar un local da Area Recreativa O Castro o 27 de novembro para unha xuntanza particular
215/2021	03-11-2021	Solicitude Xeral a nome de UD Cebarca o pavillón municipal para os adestramentos do equipo afeccionado os martes, mércores e venres
216/2021	03-11-2021	Solicitude de autorización para usar un local de Os Casás para unha xuntanza familiar
217/2021	03-11-2021	Convocatoria de subvencións nominativas a entidades municipais sen ánimo de lucro e centros educativos
218/2021	03-11-2021	Alta no padrón municipal de habitantes en Rocha, 1, Cerdido
219/2021	03-11-2021	Convocatoria Subvenciones Material informático (primaria)
220/2021	04-11-2021	Relación de recibos correspondentes ó mes de outubro do 2021 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar
221/2021	05-11-2021	Remite solicitase o Concello de Cerdido proceder a formalización dun convenio que facilite o subministro de auga dende ese concello o que implicará unha maior eficacia e eficiencia dos recursos públicos dispoñibles.
222/2021	10-11-2021	Nomeamento de instrutor para proposta concesión medalla de ouro a Daniel Rodríguez Fraguela
223/2021	10-11-2021	Pleno extraordinario para a concesión da medalla de ouro do concello de Cerdido a D. Daniel Rodríguez Fraguela
224/2021	12-11-2021	Resolución complementaria da nº 223 de 10 de novembro de convocatoria do pleno extraordinario a realizar o 13 de novembro
225/2021	16-11-2021	Convocatoria de Pleno extraordinario 19 de novembro de 2021
226/2021	16-11-2021	Contratación de Obras: Ampliación abastecemento de Vila da Igrexa a Pontellas POS 2019 Complementario
227/2021	18-11-2021	Contrato Menor para a adquisición de 20 pins do concello, 2 placas de homenaxe e unha medalla
228/2021	18-11-2021	Contratación da compañía Laguagua Servicios Sociolaculturales S.L. para unha actuación da Rede Cultural 2021

229/2021	18-11-2021	Contrato do grupo de teatro A Pombiña para unha actuación da Rede Cultural 2021
230/2021	29-11-2021	Aprobación de facturas e nóminas novembro 2021
231/2021	23-11-2021	Bolsa para a selección persoal laboral temporal de auxiliar de axuda no fogar. Publicación das bases no BOP 27/03/2018
232/2021	30-11-2021	Mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas. AGADER 2021/2022 Camiño de Chao a Sete e outros
233/2021	30-11-2021	MR701E -Plan marco: Mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2021-2022 AGADER DOG:29-01-2021
234/2021	07-12-2021	Relación de recibos correspondentes ó mes de novembro do 2021 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar
235/2021	10-12-2021	Contrato menor Melloras da ETAP de Cerdido
236/2021	10-12-2021	Convocatoria Subvenciones Material informático (primaria)
237/2021	13-12-2021	Contratación de persoal laboral temporal de auxiliar de axuda no fogar, substitución por vacacións Publicación das bases no BOP 27/03/2018
238/2021	14-12-2021	Contrato menor para realizar a actuación do grupo Duellists
239/2021	14-12-2021	Constitución da mesa de contratación permanente
240/2021	15-12-2021	Modificación presupuestaria Transferencia de créditos
241/2021	20-12-2021	Adquisición de material para reparación de camiños municipais
242/2021	20-12-2021	Elaboración de boletín informativo do Concello de Cerdido
243/2021	20-12-2021	Achega de Documentación Complementaria a nome de CANALONES FREIJO, S.L.
244/2021	21-12-2021	Expediente para a aprobación das asistencia dos concelleiros a órganos colexiados 2021. Dietas
245/2021	23-12-2021	Contratación de persoal laboral temporal de auxiliar de axuda no fogar. Publicación das bases no BOP 27/03/2018
246/2021	23-12-2021	Aprobación de facturas decembro 2021
247/2021	23-12-2021	Convocatoria Subvenciones Material informático (primaria)
248/2021	23-12-2021	Asignación dotación económica grupos políticos 2021

Polo Sr. Alberto J. Rey Paz pregúntase en relación ó uso das escolas indianas de O castro, se as mesmas van a ter un uso público ou uso privado?, ao que resposta o Sr. Alcalde que ditos usos está permitidos.

En relación ó Decreto 221/2021, o Sr. Alberto J. Rey Paz, expón que o mesmo está mal redactado, ao que resposta o Sr. Alcalde que figura así pola plataforma Tecdec e que fai referencia ao convenio co Concello de Moeche para o subministro de auga en A Panda e Lourero.

O pleno do Concello dáse por enterado.

3.- Rogos e preguntas.

Aberto o turno de rogos e preguntas, comeza o Sr. Alberto J. Rey Paz expoñendo que fai dous meses que se aprobou a declaración institucional e aínda foi publicada fai pouco.

Resposta o Sr. Candido E. Preto Lago que dita declaración institucional foi remitida á prensa e logo a prensa a publica ou non.

Seguidamente intervén o Sr. Alcalde e aclara que dita declaración institucional foi publicada nas redes sociais, e tamén foi subida á páxina web do Concello.

A continuación o Sr. Alberto J. Rey Paz pregunta se hai negociador de Geen Power conforme está facultado con algúns propietarios?

Resposta o Sr. Alcalde que non está acreditado.

O Sr. Alberto J. Rey Paz toma a palabra novamente e pregunta polo problema acaecido co rexistro do Concello. Se estamos a colaborar, por que non se dan facilidades para o rexistro das alegacións?.

Resposta o Sr. Alcalde que Cerdido é uns dos Concellos que máis alegacións rexistrou. Así Badulaque ten unhas 1.700 alegacións, co que elo supón de rexistrar e imprimir as devanditas alegacións.

Así Nordés foi traendo alegacións e presentaron como trescentas ou catrocentas alegacións. Matiza o Sr. Alcalde que os últimos dous días houbo como duascenas alegacións e, pola carga de traballo que ten o persoal municipal, supuxo un esforzo extraordinario.

Continua o Sr. Alcalde expoñendo que o Concello de Cerdido foi o Concello da zona que máis alegacións rexistrou, sobre 1.270 e habendo numerosas opcións para o seu rexistro.

Seguidamente pide a palabra o Sr. Secretario e aclara que ratifica a corrección da postura do funcionario respecto ao rexistro de alegacións. A Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das administracións Públicas esixe acreditar a representación para determinados supostos como é o presente.

A continuación o Sr. Alcalde matiza que ás plataformas se lles deu medios para axudarlles.

A continuación o Sr. Alberto J. Rey Paz considera que coa que se ven encima, é necesario artellar mecanismos para o sucedido non volva a ocorrer e haxa fluidez no rexistro de documentación.

O Sr. Alcalde engade que coas plataformas houbo total colaboración, e pon como exemplo as pancartas que pediron e se lle deron. Así pediron 5 e foilles subministradas 10.

Toma a palabra a Sr^a. María Amalia Díaz Rodríguez e sinala dirixíndose ao Sr. Alcalde: ti non te posicionaches en contra e parece ser que non se chegou a abrírlles a carpeta que contiña as alegacións para rexistrar.

Seguidamente intervén o Sr. Alberto J. Rey Paz insistindo en facer borrón e empezar de novo. Insiste en artellar mecanismos para dar facilidades.

A Sr^a. María Amalia Díaz Rodríguez expón a necesidade de mellorar a cobertura da sinal móbil: hai zonas brancas que non teñen nada ou moi débil. É fibra óptica.

A continuación a Sr^a. María Amalia Díaz Rodríguez pregunta por que se pechou a piscina sen dar explicacións?.

Resposta o Sr. Alcalde que efectivamente houbo unha queixa dunha persoa e pode ser que non deramos unha boa comunicación, polo que pide desculpas. Matiza que dito peche correspondeu ao descanso de tódolos anos.

Sendo as 20:02 horas e non habendo máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

O Secretario Manuel Larrosa Rodríguez

O Alcalde Benigno Galego Castro